

LITERATURA MEDIEVAL

Volume II

ACTAS DO IV CONGRESSO
DA
ASSOCIAÇÃO HISPÂNICA DE LITERATURA MEDIEVAL
(Lisboa, 1-5 Outubro 1991)

Organização de
AIRES A. NASCIMENTO
e
CRISTINA ALMEIDA RIBEIRO

EDIÇÕES COSMOS

Lisboa
1993

© 1993, **EDIÇÕES COSMOS e ASSOCIAÇÃO HISPÂNICA
DE LITERATURA MEDIEVAL**

Reservados todos os direitos
de acordo com a legislação em vigor

Capa

Concepção: Henrique Cayatte
Impressão: Litografia Amorim

Composição e Impressão: EDIÇÕES COSMOS

1ª edição: Maio de 1993

Depósito Legal: 63839/93

ISBN: 972-8081-05-7

Difusão

LIVRARIA ARCO-ÍRIS

Av. Júlio Dinis, 6-A Lojas 23 e 30 — P 1000 Lisboa
Telefones: 795 51 40 (6 linhas)
Fax: 796 97 13 • Telex: 62393 VERSUS-P

Distribuição

EDIÇÕES COSMOS

Rua da Emenda, 111-1º — 1200 Lisboa
Telefones: 342 20 50 • 346 82 01
Fax: 347 82 55

O Tratamento dos Xudeus nas Cantigas de Santa Maria

Alfredo Xosé Ferreiro Salgueiro

Dulce María Fernández Graña

Universidade da Coruña

1. Obxectivos

Propoñemo-nos neste traballo facer un estudo textual das *Cantigas de Santa Maria* de Afonso X o Sábio que fan referencia a xudeus. Atendendo principalmente á figura do enunciador, tentaremos deducir da análise do texto a actitude deste enunciador cara á problemática dos xudeus.

2. Córpus

De entre os catro manuscritos conservados, Códice da igrexa de Toledo, os dous Códices Escorialenses e o da Biblioteca Nacional de Floréncia, escollemos como material de estudo o toledano, por ser o que reflecte máis fielmente a primeira redacción da obra¹. Dentro das cantigas que conforman este manuscrito de Toledo, escollemos como córpus as vinte e dúas composicións que fan referencia en maior ou menor medida ao tema que nos ocupa: o tratamento dos xudeus.

Neste córpus de vinte e dúas cantigas observa-se que a relevancia do tema dos xudeus varia segundo os casos. Atendendo a isto, achamos necesario distinguir dous bloques ben diferenciados para poder levar a cabo a análise dos textos: o primeiro bloque está formado por catorce cantigas que conteñen alusións esporádicas aos xudeus, e o segundo bloque conforman-no un conxunto de oito cantigas que teñen aos xudeus como base temática.

3. Análise textual

a. O narrador

No córpus escolleito presenta-se-nos un narrador que se nos amosa no texto através dunha serie máis ben concisa de locucións específicas, comúns á inmensa maioría das cantigas de Santa María. Estas locucións son empregadas con dúas intencións diferentes, segundo a súa funcionalidade: unhas, son as que explican como o que se vai contar chegou ao coñecemento do narrador («per quant'end'eu aprendi»; «per com'eu achei escrito»; «E daquest'oy contar... que me disseron a min»²), que soen ir encabezando a cantiga e que teñen como finalidade proporcionar máis credibilidade á historia relatada. Un segundo tipo de locucións consiste en apelacións que o narrador utiliza para manter a atención do público intercalando estas marcas ao longo de todo o seu discurso («Poren vos quero contar»; «com'esta que emento»³).

Este narrador non entra a tomar parte na acción. É unicamente a voz que conta unha historia sendo coñecedor dela, mais amosando por medio da focalización interna o estado anímico, os pensamentos e mesmo os intereses propios dos actantes.

O personaxe do enunciado, xeralmente denominado «narratario», aparece no noso córpus indicado polo pronome persoal «vos», e no caso específico da cantiga número dous, co vocativo «varoes», dirixindo-se, case con total seguridade, a unha comunidade de relixiosos. Mais a partir deste momento, cómpre termos en conta que a distinción entre narratario e enunciatario deixa de ter pertinencia no noso córpus, posto que nos achamos no estudo de textos orais, nos que ambos os dous coinciden constituíndo unha mesma entidade. Por isto, a partir de agora, ao falarmos dos receptores, utilizaremos o término «público».

b. O enunciador

Observando detalladamente o segundo bloque das cantigas escolleitas (as que teñen aos xudeus como base temática), atopamos as claves para o estudo pormenorizado da actitude do enunciador. Este exerce unha ilocución no texto, que se manifesta nunha modalización positiva ou negativa dependendo de se a cantiga tratada conclúe coa conversión dos xudeus ou co correspondente castigo por herexes. Deste xeito, observamos que nos casos nos que os xudeus non se converten, a modalización do enunciador sobre o texto é sempre negativa; estes personaxes, caracterizados como contrários á relixión cristiá, veñen clara e repetidamente marcados pola maldade, a crueldade (especialmente cos meniños), a traición e a herexia⁴. Así o vemos na cantiga número catro na que Samuel, xudeu pai do meniño Abel, mete seu fillo no forno do pan porque o día de Páscoa fora o xudeíño cos seus compañeiros á igrexa dos cristiáns, e ali recebera unha comunión máis dóce que o mel, da propia man da Virxe Maria.

Os xudeus que non se converten reciben sistematicamente un forte castigo por parte da Virxe. O castigo como recurrencia isotópica funciona da seguinte maneira: todos aqueles personaxes de raza xudea que desprezan o cristianismo, ou perden a vida ou sofren terribes vinganzas. Cando nestes casos a xustiza non é executada pola mesma Virxe, son os propios veciños os que se erixen no seu brazo executor⁵, como vemos na xa aludida cantiga número catro, na que a nai do meniño sae da casa pedindo axuda para sacar seu fillo do forno do pan. Todos os veciños cristiáns, tras comprobar que a xudea non minte, acoden á sua chamada, sacan o xudeíño ileso do forno, e meten nel o seu pai, en castigo pola sua crueldade manifesta.

Chegados a este punto, cómpre falarmos da dificultade de clasificación que plantexa a cantiga III, na que a figura central, lonxe de ser a Virxe Maria, resulta ser Merlin. Este decide castigar a un xudeu na carne do seu fillo, por poñer en dúbida a virxidade da Virxe. Merlin roga a Santa Maria que consiga que o fillo do xudeu naza coa cabeza virada cara atrás (símbolo demoníaco), utilizando-o despois como exemplo e ameaza para o que non se quixese converter. Esta cantiga resulta extraña polo feito de o enunciador entreterse máis en modalizar a Merlin que ao xudeu ou á mesma Virxe Maria, rematando o fillo do Demo e dunha virxe por concebir na sua propia mente o miragre que Santa Maria levará a término na persoa do xudeíño. Vemos así que a intención de cristianizar a ambígua figura do Merlin mitolóxico resulta patente nesta cantiga.

En canto ao bloque primeiro (cantigas con alusións esporádicas a xudeus), todas as referencias que encerran son modalizacións directas e negativas do enunciador facendo constar que son tan mala xente como os mouros⁶, que están en tratos co demo⁷, que son detractores da virxidade da Virxe⁸ e culpábeis da morte de Xesus Cristo⁹.

Como vemos, até agora só houbo modalizacións negativas destinadas aos xudeus que nen son conversos nen amosan interese ningun por se-lo. Non ocurrirá da mesma maneira con aqueles que cheguen a abandonar a sua propia fe.

Nas cantigas nas que os personaxes de raza xudea acaban convertindo-se ao cristianismo, observamos que a ilocución exercida polo enunciador manifesta-se nunha modalización positiva de cara aos conversos. Estes personaxes responden a unhas características comúns á maior parte deles, como son a debilidade, a bondade e a necesidade¹⁰. De feito, estas figuras veñen representadas por nenos e mulleres, se exceptuamos un so home, rico e culto, de oficio prestamista na cantiga trinta e oito. Os nenos son chamados mediante estas e outras denominacións cariñosas: «menyo d'Iraael», «judeueyo»¹¹, etc. Das mulleres, pola sua parte, comenta-se que aman canto se pode amar os seus fillos¹², e son tratadas piadosamente cando se atopan nunha situación difícil. A propia Virxe é solidaria con elas, polo feito de compartiren a maternidade. Como exemplificación disto, volvemos á cantiga número catro, na que a xudea e o meniño salvado do forno pola Virxe rematan convertendo-se ao cristianismo e loando a Santa Maria miragreira.

Ao mesmo tempo que o castigo (do que xa se falou anteriormente), o premio funciona tamén como recurrencia isotópica nestas cantigas «de conversos», sendo o polo que faltaba da

potestade absoluta da deusa. Nestes casos, o prémio é outorgado a aqueles xudeus que se inclinan á fe cristiá e concretiza-se no alimento (simbolizado na comunión do neno xudeu na cantiga catro) e na protección ante os perigos¹³.

Finalmente, o enunciador tamén utiliza os recursos ilocutivos para conseguir unha modalización positiva na figura da Virxe, pois cada vez que a nomea, non deixa de facer alusión aos seus atributos divinos e grande poder, ademais da característica piedade e bondade extrema. Isto ocorre en todos os casos excepto en dúas cantigas do noso córpus: a catro e a III. Na primeira, da que xa temos falado, a Virxe non aparece modalizada nen positiva nen negativamente, probabelmente porque desde o principio o enunciador presta toda a súa atención ao interese do xudeño por ser cristián, deixando de lado a propia louvanza da persoa da Virxe. Na cantiga número III, a de Merlin, que tamén temos comentado, tampouco hai modalización polo feito de constituír Merlin o centro temático da cantiga, como xa dixemos anteriormente.

Através deste traballo fomos vendo como o rastreo das marcas textuais baixo as que se alvisca a ideoloxía do enunciador conducen-nos sempre á mesma idea: a intención parece ser provocar no público das cantigas unha perlocución moi específica, definida pola eliminación de prexuízos e desprezos respecto aos xudeus que abandonan a súa fe para, por mediación de Santa María, entrar na fe cristiá. Isto vén respaldado pola sorte que corren todos aqueles xudeus que non chegan a converter-se en ningún momento e polo tratamento claramente depreciativo que o enunciador amosa cando se refere a eles. Outra vertente da perlocución buscada consiste en persuadir o público da conveniencia de cultivar a devoción mariana, englobando neste público tanto a cristiáns como a xudeus. Quizais a razón pola que se move o enunciador exceda os planos meramente artístico e espiritual, guiado por unha intención de tipo político-social relacionado co favorecemento da integración dos conversos entre os cristiáns.

Notas

¹ ALFONSO X EL SABIO, *Cantigas de Santa María*, ed. de Walter Mettmann; Castalia, Madrid, 1986, tomo I, p. 24.

² Respectivamente, cantiga 4 (v. 11); cantiga 50 (v. 13); cantiga III (vv. 6-11).

³ Respectivamente, cantigas 4 (v. 25) e 36 (v. 28).

⁴ Cantigas 4, 5, 13, 25, 36, III.

⁵ Cantigas 4, 5, 13, 25, 36, III.

⁶ Cantiga 19 (v. 140).

⁷ Cantiga 3 (v. 19).

⁸ Cantiga 2 (vv. 24-25); cantiga 25 (vv. 65-68).

⁹ Cantiga 22 (v. 18).

¹⁰ Cantigas 4, 38 e XII.

¹¹ Cantiga 4 (vv. 6 e 34, respectivamente).

¹² Cantiga 4 (v.71).

¹³ Cantiga 4 (vv. 82-86); cantiga XII (vv. 48-49).